

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 591 - Profesores técnicos de formación profesional
Especialidade: 228 - Soldadura
Tribunal: único

CRITERIOS DE AVALIACION

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2021]

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TRIBUNAL DE SOLDADURA

PRIMEIRA PROBA: Coñecementos específicos.

A primeira proba está composta de dúas partes, Parte A e Parte B.

A Parte A e a Parte B da primeira proba cualificaranse de 0 a 10 puntos e ponderaranse do seguinte xeito:

- Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.
- Parte B: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

Para a superación da primeira proba deberá obterse unha puntuación de polo menos o 25 % do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA PRIMEIRA PROBA - PARTE A: (proba práctica)

Cualificación: de 0 a 10 puntos. Puntuación mínima: 2,5 puntos.

Tempo de duración: 3 horas.

Non se permitirá o acceso a esta proba sen os EPI axeitados a especialidade.

Características do exercicio de carácter práctico que se axustará ao disposto no Anexo VI da Orde do 24 de febreiro de 2020.

Esta proba estará composta de cinco exercicios que ponderarán do seguinte xeito:

Exercicio 1 a celebrar o 19-6-2021 un 30%.

Exercicio 2 a celebrar o 23-6-2021 un 20%.

Exercicio 3 a celebrar o 23-6-2021 un 20%.

Exercicio 4 a celebrar o 25-6-2021 un 20%.

Exercicio 5 a celebrar o 25-6-2021 un 10%.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN da Parte A da primeira proba:

C.A.1 - Proba 1. Parte A. Resolvéronse os exercicios de xeito correcto e xustificando demostrando os coñecementos específicos, técnicos e científicos actualizados.

C.A.2 - Proba 1. Parte A. Elaborouse a resposta dos exercicios ben plantexada, organizada e con claridade na exposición.

C.A.3 - Proba 1. Parte A. Presentouse a resposta dos exercicios con pulcritude e cunha axeitada expresión escrita.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PROBA - Parte B:
(desenvolvemento do tema)

Desenvolvemento por escrito dun tema elixido pola persoa aspirante de entre cinco temas do temario oficial, extraídos ao chou polo tribunal.

Cualificación: de 0 a 10 puntos. Puntuación mínima: 2,5 puntos.

Tempo de duración: 2 horas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN da Parte B da primeira proba:

C.A.1 - Proba 1. Parte B. Demostráronse os coñecementos específicos, técnicos e científicos actualizados sobre os distintos apartados do tema correspondente, empregando un vocabulario técnico axeitado.

C.A.2 - Proba 1. Parte B. Desenvolvéronse cun nivel de profundidade axeitado todos os apartados do tema elixido, e citáronse as fontes, os recursos bibliográficos e lexislativos, de ser o caso.

C.A.3 - Proba 1. Parte B. Desenvolveuse o tema con claridade na exposición dos conceptos, cunha correcta organización dos contidos, con lexibilidade e corrección gramatical e ortográfica.

C.A.4 - Proba 1. Parte B. Fíxose a lectura do tema fluída e áxil, como resultado dunhas expresións escrita e oral correctas.

SEGUNDA PROBA: Aptitude pedagóxica e técnica do docente.

A segunda proba está composta de dúas partes, Parte A e Parte B.

A Parte A e a Parte B da segunda proba cualificaranse de 0 a 10 puntos e ponderaranse do seguinte xeito:

- Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.

- Parte B: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.

A persoa aspirante deberá acadar, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN DA SEGUNDA PROBA - PARTE A:
(programación didáctica)

Presentación dunha Programación didáctica dun módulo relacionado coa especialidade á que se opta.

Na parte A da segunda proba avaliaranse dous aspectos:

- Presentación perante o tribunal avaliador en tempo e forma, cumprindo os requisitos esixidos pola Orde do 24 de febreiro de 2020.
- A defensa da Programación segundo a rúbrica no anexo XIII da Orde do 24 de febreiro de 2020.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN da Parte A da segunda proba:

C.A.1 - Proba 2. Parte A. Presentouse a programación didáctica referida ao currículo dun módulo relacionado coa especialidade con todos os apartados establecidos no anexo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011 e axustarase ao disposto no punto 13.4 Parte A da Orde do 24 de febreiro de 2020, tendo en conta para cada apartado a pertinencia, a coherencia, o rigor didáctico, a innovación educativa e o axuste á normativa educativa vixente. Os apartados mínimos son os que se especifican de seguido:

Identificación da programación.

Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia, o peso porcentual, e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.

Relación de unidades didácticas con todos os seus apartados (mínimo 4 UD).

Mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.

Procedemento para a recuperación das partes non superadas.

Procedemento para definir as actividades de recuperación.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Medidas de atención á diversidade.

Procedemento para a realización da avaliación inicial.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Aspectos transversais.

Programación da educación en valores.

Actividades complementarias e extraescolares.

C.A.2 - Proba 2. Parte A. Presentouse e defendeuse a programación didáctica cunha correcta estruturación, con claridade expositiva e calidade na expresión oral e xestual, respectando e axustándose ao tempo permitido de 20 minutos.

C.A.3 - Proba 2. Parte A. Respostouse con corrección e xustificación ás cuestións plantexadas no debate co tribunal.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN DA SEGUNDA PROBA - PARTE B: (unidade didáctica)

Defensa da programación didáctica e exposición da unidade didáctica da programación presentada pola persoa aspirante ou dun tema do temario oficial.

Obxecto: Comprobación da aptitude pedagóxica da persoa aspirante e do seu dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente.

Defensa da programación didáctica presentada segundo a rúbrica indicada no anexo XIII da citada orde.

Para a preparación da unidade didáctica, a persoa aspirante poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, dispoñendo de 1 hora.

Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal. Unha de entre tres extraídas ao chou, por al persoa opositora, da súa programación presentada ou dun tema de entre tres extraídos ao chou, pola persoa aspirante, do temario oficial.

Para a exposición, a persoa aspirante poderá empregar o material auxiliar que considere oportuno e que deberá achegar pola súa conta, sempre que sexa aprobado polo tribunal, así coma un guión que non excederá dunha páxina e que se entregará ao tribunal ao final da exposición.

Tempo máximo para a defensa da Programación didáctica: 20 minutos.

Tempo máximo para a exposición da Unidade didáctica: 30 minutos.

Tempo máximo para o debate co tribunal: 10 minutos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN da Parte B da segunda proba:

C.A.1 - Proba 2. Parte B. Expúxose a unidade didáctica con todos os apartados establecidos no anexo XIII da Orde do 12 de xullo de 2011, tendo en conta para cada apartado a pertinencia, a coherencia, o rigor pedagóxico, a innovación educativa e o axuste á normativa educativa vixente. Os apartados mínimos son os que se especifican de seguido:

Identificación da unidade didáctica.

Resultados de aprendizaxe do currículo que se trata.

Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.

Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado, en relación cos instrumentos de avaliación, os mínimos esixibles e o peso da cualificación.

Contidos.

Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación.

C.A.2 - Proba 2. Parte B. Expúxose a unidade didáctica cunha correcta estruturación, con claridade expositiva e calidade na expresión oral e xestual, respectando e axustándose ao tempo permitido de 30 minutos.

C.A.3 - Proba 2. Parte B. Respostouse con corrección e xustificación ás cuestións plantexadas no debate co tribunal.